



CSO2016-76014-R

Patrimonio Cultural Inmaterial.

Para un programa europeo de
subtitulado en linguas non hexemónicas

O proxecto 'EU-VOS. Patrimonio Cultural Inmaterial. Para un programa europeo de subtitulado en linguas non hexemónicas' (AEI-FEDER, REF. CSO2016-76014-R), liderado polo Grupo de Estudos Audiovisuais da USC e integrado por investigadoras e investigadores procedentes de diversas universidades estatais e europeas, propónse desvelar a situación –retrospectiva, coetánea e prospectiva– do subtitulado no espazo europeo, a fin de propoñer un programa proactivo de medidas nunha política harmónica de subtitulado con destino á produción cinematográfica e audiovisual en linguas europeas non hexemónicas.

Coa consciencia da renuencia institucional e profesional con respecto ao coñecemento xerado no ámbito académico en materia de subtitulado –en favor de indicadores económicos simplificados da complexidade das denominadas “industrias creativas”–, o proxecto procura un cambio de pensamento e

favorece espazos de encontro e reflexión entre os principais axentes implicados: académicos, responsables institucionais e profesionais.

Un cambio de perspectiva propiciatorio tanto do acceso e circulación transfronteirizas de obras realizadas en linguas non hexemónicas como da valoración mesma do patrimonio cultural inmaterial europeo.

A este fin, o proxecto xeorreferencia a situación do subtitulado europeo en linguas non hexemónicas a través dunha cartografía comparativa de políticas públicas e prácticas sectoriais, da taxonomización das principais barreiras e/ou motivacións na accesibilidade ao cine VOS, e da singularización daquelas experiencias máis innovadoras a nivel tecnolóxico ou creativo que, atendendo á calidade dos subtítulos e á súa integración na obra cinematográfica, permitan usufructuar as apropiacións ao deseño universal aplicado á accesibilidade mediática, ao subtitulado parcial e ao subtitulado creativo.

Inscripcións

A asistencia é libre até completar a capacidade da sala

Contacto

Grupo de Estudos Audiovisuais
Facultade de CC. da Comunicación (USC)
Avda. Castelao s/n. 15782
Santiago de Compostela
T. +34 881 816 598
estudiosaudiovisuais.org

Organiza



GI.1786
Grupo de Referencia Competitiva
Convocatoria 2017 de Estruturação
e Consolidación de Unidades de
Investigación Competitivas do SUG



CSO2016-76014-R
Patrimonio Cultural Inmaterial.
Para un programa europeo de subtitulado
en linguas non hexemónicas

Co financiamento de



Para un programa europeo
de subtitulado en linguas non hexemónicas

12-13 de decembro de 2019

Facultade de CC. da Comunicación (USC)

Santiago de Compostela

SIMPOSIO INTERNACIONAL AS LINGUAS E O CINEMA II

Para un programa europeo
de subtitulado en linguas non hexemónicas

Son múltiples os compromisos promulgados pola Unión Europea e os seus estados membros arredor da decidida e inescusable preservación e fomento da diversidade cultural e lingüística de Europa e da posta en valor do cinema como obxecto de confluencia entre a innovación tecnolóxica, a cultura e a economía. Entre as accións de preservación do Patrimonio Cultural Inmaterial Europeo (PCIE) emerxen como prioritarias aquelas encamiñadas ao fomento do subtitulado de contidos audiovisuais. Porén, o palmario compromiso formal que emana das convencións e programas das escalas europea, estatal e autonómica tradúcese

na implementación de paquetes de medidas de carácter aleatorio, fragmentario e continxente que, en xeral, abocan a unha sistemática ausencia de resultados.

No marco do proxecto 'EU-VOS. Patrimonio Cultural Inmaterial. Para un programa europeo de subtitulado en linguas non hexemónicas' (AEI - FEDER, ref. CSO2016-76014-R) o presente simposio congrega a investigadoras e investigadores do cinema e da tradución audiovisual na contorna europea co obxectivo de formular indicadores para unha política harmónica de subtitulado da produción cinematográfica e audiovisual en linguas europeas non hexemónicas.



CSO2016-76014-R
Patrimonio Cultural Inmaterial.
Para un programa europeo de
subtitulado en linguas non hexemónicas

O Simposio Internacional *As Linguas e o Cinema II. Para un programa europeo de subtitulado en linguas non hexemónicas* serve de continuación ao foro homónimo desenvolvido en maio de 2018 e encádrase nas actividades de difusión do proxecto EUVOS (CSO2016-76014-R). Liderado polo Grupo de Estudos Audiovisuais da USC, o proxecto conta con persoal investigador procedente de diversas universidades estatais e europeas: Margarita Ledo Andión (I.P.) (USC), Enrique Castelló Mayo (Co-I.P.) (USC), José Luis Castro de Paz (USC), Antía López Gómez (USC), Fernando Redondo Neira (USC), Carlos Pío del Oro Sáez (USC), Xose Henrique Monteagudo Romero (USC), Marta Pérez Pereiro (USC), María Soliña Barreiro González (USC), Pablo Romero Fresco (UVigo), Francisco Javier Azpillaga Goenaga (UPV-EHU), Beatriz Zabalondo Loidi (UPV-EHU), Judith Clares Gavilán (UOC), Miren Manias Muñoz (UPV-EHU), María José Deogracias Horrillo (UPV-EHU), Silvia Roca Baamonde (USC), Claudia Neira Expósito (USC), Andrés Fraga Pérez (USC), Jaques Guyot (Université Paris 8), Steve Blandford (University of South Wales), Ruth McElroy (University of South Wales), Pietari Kääpä (University of Stirling- University of Warwick).

Entidades participantes:



PROGRAMA

12.12

16.00-20.00
Aula 0

#1 Cinema(s), subtitulado e diversidade cultural en Europa

- 16.00 **Benvida.** Margarita Ledo Andión (USC), Enrique Castelló Mayo (USC)
16.15 **O impensado da pluralidade lingüística.** Jacques Guyot (Université Paris 8)
17.15 **Pequenos cinemas, audiencias globais? Reflexións sobre culturas cinematográficas minorizadas na era dixital.** Philippe Meers (Universiteit Antwerpen)
- 18.00 Pausa
- 18.15 **O subtitulado en linguas non hexemónicas na contorna estatal**
María Soliña Barreiro González (USC), Judith Clares Gavilán (UOC)
Beatriz Zabalondo Loidi (UPV-EHU), Marijo Deogracias Horrillo (UPV-EHU)
Marta Pérez Pereiro (USC), Fernando Redondo Neira (USC)

13.12

09.00-14.00
Visionado 1

#2 Para un programa europeo de subtitulado en linguas non hexemónicas

- 09.00 **O subtitulado cinematográfico en linguas non hexemónicas nas políticas públicas da contorna europea.** Antía López Gómez (USC)
09.30 **EUVOS. Patrimonio Cultural Inmaterial. Para un programa europeo de subtitulado en linguas non hexemónicas.** Exposición de resultados e debate. Margarita Ledo Andión (USC), Enrique Castelló Mayo (USC)
- 12.00 Pausa
- 12.15 **A audibilidade das linguas no audiovisual e o fomento do plurilingüismo a través da competencia receptiva.** Henrique Monteagudo Romero (USC)
13.00 **Tendencias e prácticas de subtitulado en plataformas VOD: accesibilidade e inclusividade. O caso Netflix.** Pablo Romero Fresco (UVigo)
13.45 Conclusións